




Escola Galega de
Administración
Pública



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA
DE GALICIA



CONFERENCIA SOBRE
SANCIÓNS POR CÁRTEL:
ELEMENTO DISUASORIO OU CANON POR INFRINXIR?
CARTEL SANCTIONS: DETERRENT OR LICENSE FEE?

| Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2010
| EGAP, Rúa de Madrid, 2 - 4. Santiago de Compostela.



Terry Calvani. O Sr. Calvani exerce como especialista en Dereito da Competencia na oficina da firma de avogados *Freshfields Bruckhaus Deringer* en Washington DC. Anteriormente, foi membro (1983-1990) da *US Federal Trade Commission* (Autoridade Federal da Competencia), que presidiu durante os anos 1985 e 1986. Máis tarde, foi membro da *Irish Competition Authority* (Autoridade irlandesa de Competencia) e director da *Criminal Cartels Division* (División de carteis criminais). Neste período, o Sr. Calvani participou como membro activo nos comités consultivos da *Dirección Xeral de Competencia da UE*.

Despois de graduarse na *Cornell Law School*, na cal colaborou como editor para a revista *Law Review*, traballou para *Pillsbury, Madison & Sutro*. De 1974 a 1983, o Sr. Calvani foi profesor de Dereito da Competencia na *Vanderbilt School of Law*. Tras o seu período na *Comisión Federal de Comercio*, exerceu de novo no sector privado coa compañía *Pillsbury*, ata que foi nomeado para o cargo que desempeñou en Irlanda. Ademais de exercer como profesor na *Vanderbilt School of Law*, impartiu clases de Dereito da Competencia na *Duke University School of Law* (2000), na *Harvard School of Law* (1998-2001), no *Trinity College de Dublín* (2004-2005) e na *Cornell Law School* (2006).

O Sr. Calvani ocupou o cargo de Presidente de diversos comités da Sección de Competencia da *American Bars Association* e, durante dous trimestres, formou parte do Consello de dirección. É membro do *American Law Institute* e colabora no comité consultivo do *Antitrust Bulletin*. O Sr. Calvani escribiu e falou moito sobre cuestións relacionadas coa Competencia. Ademais, menciónase como un importante avogado en Competencia e Regulación en moitos manuais e directorios. Recentemente, foi nomeado como un dos 20 principais avogados de Competencia no mundo no *Who's Who* publicado pola *Law Business Research*.

No período no que exerceu no sector privado, o Sr. Calvani traballou en adquisicións e en participación de empresas, así como na súa supervisión por parte de numerosas axencias de Competencia. Participou en investigacións civís e penais en moitas empresas, tanto de autoridades federais coma estatais. Así mesmo, proporcionou asesoramento en materia de Competencia a un gran número de empresas e numerosas asociacións de comercio.

Terry Calvani.

SANCIÓNS POR CÁRTEL: ELEMENTO DISUASORIO OU CANON POR INFRINXIR?

CARTEL SANCTIONS:
DETERRENT OR LICENSE FEE?



Hora: 12:00 h

Lugar: Salón de Actos da EGAP